

# PLAN DIXITAL

## CEIP DE PONZOS

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O Colexio de Ponzos está situado na parte leste da cidade de Ferrol, no ensanche B, barrio coñecido como Ultramar. Atópase preto do Concello de Narón e a poucos metros da ría de Ferrol na zona de Caranza. O nome do centro educativo tómase da rúa onde dá a fachada, asemade na bisbarra de Covas, ó norte do concello, atópase unha ampla praia coa mesma nomenclatura.

No centro de Ponzos impártense os niveis de Educación Infantil e Primaria e conta cun total de 227 alumnos e alumnas. Na etapa de Infantil atópanse 71 alumnos e alumnas e en Primaria un total de 156. O centro conta con 3 unidades de E.I e 8 de Primaria. Debido á situación pandémica dos últimos dous anos temos un desdobre nos cursos de 4º e 5º de E.P. En canto ao profesorado hai catro mestras de infantil, oito titores en primaria, dous especialistas de inglés, un de música e de educación física. Cóntase tamén cunha mestra de atención preferente, unha especialista en PT, outra de AL e unha orientadora. Do persoal docente do centro, quince están con praza definitiva e seis con destino provisional. Como persoal non docente hai unha conserxe, unha coidadora e unha intérprete de lingua de signos.

No colexio utilízase a páxina web como punto de comunicación para a publicación das novidades e documentos do centro ([www.ceipponzos.com](http://www.ceipponzos.com)).

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

As familias que forman parte do CEIP de Ponzos son galegos na case totalidade, un grupo moi reducido do resto de España e tamén do estranxeiro. Maioritariamente cunha idade media, un terzo corresponde practicamente aos máis novos e son illados os casos de pais ou nais de alumnado maiores. Maioritariamente teñen un nivel de estudos medio-alto e en máis dun cuarto acadan estudos universitarios. En todo caso non se aprecian casos graves que poidan supoñer falta de estudos primarios ou, o que sería peor, analfabetismo.

Pódese establecer que o noso alumnado forma un grupo bastante homoxéneo, pertence a familias de clase acomodada onde na maioría dos casos traballan os dous proxenitores. Os casos de familias con problemas económicos graves son puntuais e o Centro pode ser coñecedor sen dificultade cando esa situación incide no proceso educativo e actuar segundo o recollido nos diferentes plans.

No centro de Ponzos inclúense diferentes iniciativas co obxectivo de mellorar e actualizar en todo momento o noso proceso de ensinanza aprendizaxe. Participamos no proxecto E-Dixgal cos rapaces de 5º e 6º de Primaria, levamos a cabo o proxecto de robótica nas aulas de infantil e primaria cunha preparación do profesorado a través do PFPP, así como a participación en proxectos de innovación e formación co único obxectivo de fomentar e mellorar o uso das tecnoloxías dixitais tan necesarias na actualidade. Por todo isto, a coordinación e incardinación deste presente plan dixital cos proxectos e plans que se levan a cabo no centro é fundamental.

O plan dixital non é un ente illado, senón que garda relación cos outros dos plans de centro. Así, dun xeito xeral está máis intimamente ligado aos seguintes:

- Plan de convivencia: Mediante tarefas que promove o plan dixital pódese mellorar o clima de convivencia entre o alumnado (tarefas en grupo, presentacións a compañeiros...).
- PLAMBE: As ferramentas dixitais poden resultar moi útiles para buscar información nas aulas ou na biblioteca do centro.
- Plan de orientación e atención á diversidade: As tarefas realizadas coas novas tecnoloxías promoven o traballo en equipo e a atención á diversidade, aos diferentes xeitos de aprender do alumnado.
- PXA: Mediante as tarefas que se realizan coas ferramentas dixitais contribuímos á consecución dalgúns dos obxectivos propostos a inicio de curso.

PEC.- é evidente que se este PD queda reflectido nos plans e proxectos do centro, condicionará asemade o noso PEC xa que precisaremos reforzar, traballar e mellorar as nosas debilidades amosadas no análise DAFO e seguir a incrementar as nosas fortalezas para lograr unha adecuada transformación dixital do centro.

Hogano a contribución do Plan Dixital nas rutinas diarias en educación, será un pilar principal para actualizar os procesos de ensinanza aprendizaxe.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan Dixital é necesario ter presente o seu marco legislativo, por iso téñense en conta as seguintes normas:

- ✓ Artigo 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 maio, de Educación.
- ✓ Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO, e bacharelato no curso académico 2021-2022.

- ✓ Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da CA de Galicia para o curso 2021-2022.

#### 1.4. Proceso de elaboración

Dende o equipo de Dinamización do Plan Dixital enténdese a importancia deste plan como un instrumento fundamental para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital en toda a nosa comunidade educativa. De aí que a participación, tanto nos procesos de formación como de elaboración, foi moi participativa por todos os integrantes do equipo.

As sesións nas que realizamos o traballo foron distribuídas do seguinte xeito:

- 6 horas de reunións co mentor Roberto Silva López, para explicacións e guías dos pasos a seguir.
- 2 horas de traballo individual (Selfie e CDD).
- 12 horas de reunións do equipo dixital do centro para a elaboración do plan dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

No centro contamos cunha rede de datos 5G cableada na planta baixa e primeira planta e sen fíos nas aulas da última planta, onde se sitúan as aulas de E-Dixgal.

Todas as aulas teñen proxector e ordenador, e as catro aulas E-Dixgal contan con pizarra dixital.

Os equipos cos que contamos no centro son os seguintes:

- Equipamentos EDIXGAL (portátiles do alumnado e profesorado): Están rexistrados na aplicación do panel de xestión deste material. Cada aula EDIXGAL conta co equipamento EDIXGAL (PDI, carro de carga, etc..).
- Equipamentos de aulas "ordinarias": Todas as aulas contan cun ordenador de sobremesa e un proxector.
- Equipamento da sala de mestres: dous ordenadores de sobremesa, un portátil, un escáner e unha impresora.
- Equipamento da área administrativa (dirección e secretaría): Tres ordenadores de sobremesa, un fotocopidora multifunción e unha destrutora. Ademais, aquí está situado RAC do centro.
- Equipamento da biblioteca: Catro ordenadores de sobremesa e seis tabletas.
- Equipamento de robótica: 12 M-BOT, 2 Lego We Do e 3 DOC para infantil.

- Aula de informática: 7 ordenadores de sobremesa que case non se usan e non están en bo estado.
- A maiores, contamos con dous canóns “portátiles” para necesidades puntuais e un portátil máis a maiores.
- Dous cámaras de fotos (unha reflex e outra dixital).

Con respecto aos servizos dixitais educativos utilízanse nos primeiros cursos de primaria a aula virtual e nos últimos (5º e 6º) a plataforma de E-dixgal. É utilizado por todos os mestres e mestras, así como o equipo directivo do centro o espazo Abalar e Abalarmóbil para todas as comunicacións coas familias. A páxina web do centro tamén é un recurso comunicativo das novidades por parte do centro. Como transmisor das actividades do centro utilízase o blogue da biblioteca.

Para o mantemento do equipamento do centro contamos cun técnico informático que nos asesora, nos proporciona pezas se son necesarias, actualiza os equipos e atende averías.

O equipamento EDIXGAL conta coa asistencia do servizo premium da consellería.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para chegar a unha análise DAFO, é dicir, o coñecemento das Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades do centro, e poder establecer un punto de partida tomando conciencia de cal é a situación real para chegar a marcar un bo plan estratéxico, realizouse en primeiro lugar unha autoavaliación SELFIE entre o profesorado, o equipo directivo e o alumnado de 5º e 6º de primaria. A participación foi dun 100% no equipo directivo, un 64% do profesorado e dun 11% do total de alumnado do centro. Amósase a continuación unha táboa onde se reflicten as puntuacións obtidas en cada área, partindo das respostas do test SELFIE.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3				

	Profesorado	2.5				
	Alumnado	3.4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.9				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado	4.7				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.6				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.2				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	3.8				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.4				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado	4.1				

Asemade utilizouse, como ferramenta de recollida de datos, o Test de Competencia Dixital Docente realizado en FPROFE. Neste recurso participaron un total de 20 docentes, logrando unha puntuación media de 70 sobre 192 e un nivel de competencia Integrador/a (B1). Os resultados das diferentes etapas non marcaba unha diferenza salientable, xa que o nivel de competencia acadado foi o mesmo (integrador/a), tendo unha puntuación media de 70,1 en infantil e de 78,5 en primaria.

Nas seguintes táboas recóllense os datos principais recollidos no test CDD.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	13	15	86.7%
<b>PROVISIONAL</b>	3	4	75%
<b>INTERINO</b>	1	1	100%
<b>SUBSTITUTO</b>	3	3	100%

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
70	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
E.I.	70,1	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
E.P.	78,5	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante A1	1	5%
Explorador/a A2	9	45%
Integrador/a B1	8	40%
Experto/a B2	1	5%
Líder C1	1	5%
C2		
TOTAL	20	100%

### 2.3. Análise DAFO

Partindo dos resultados do test SELFIE e CDD, recóllense o datos máis significativos no apartado anterior, xerouse o informe DAFO, que será o punto de partida para crear un instrumento básico para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do centro. No seguinte cadro quedan reflectidos os principais datos recollidos no DAFO.

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
----------	------------	-------------



<b>CATEGORÍAS</b>	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	Dispoñibilidade dos equipos e asistencia técnica.	Debemos afondar no coidado da protección de datos.
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	Bo uso de recursos en liña e comunicación coa comunidade educativa.	Pouca colaboración e baixa avaliación do proceso. Deficiencia no emprego de entornos virtuais de aprendizaxe. Pouca valoración na realización de proxectos interdisciplinares. Escasa autorreflexión sobre o aprendizaxe.
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	Boa implicación e colaboración co alumnado.	Darlle máis importancia ao intercambio de experiencias.
	<b>ALUMNADO</b>	Uso adecuado de recursos dixitais para o aprendizaxe.	Preparación ao alumnado dunha alfabetización informacional, para o uso da tecnoloxía de forma segura e responsable
	<b>FAMILIAS</b>	Contas cos seus dispositivos dixitais para o aprendizaxe.	
	<b>OFERTA</b>	Variedade de opinión entre profesorado e dirección, tendo unha boa valoración polo profesorado o uso das novas modalidades de ensinanzas.	Diferenciación e personalización das tecnoloxías para abordar as diferentes necesidades e estratexias de aprendizaxe
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	Búsqueda de estratexias dixitais co profesorado.	Non hai unha boa valoración por parte do profesorado sobre a estratexia dixital no centro. Por parte da dirección amósase unha debilidade no uso das novas modalidades de enseñanza

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	Valoración adecuada sobre o acceso a internet, asistencia técnica ou dispoñibilidade de infraestructuras adecuadas	

<b>LEXISLACIÓN</b>		Non hai unha boa percepción sobre un tratamento adecuado da protección de datos
<b>CONTORNA</b>	Hai boa valoración con respecto ao acceso a internet e a dispoñibilidade individual de dispositivos dixitais	
<b>ANPA</b>		En xera, l no apartado de competencias dixitais do alumnado, apréciase unhas carencias en formación e creación de contidos dixitais
<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	Hai unha boa percepción sobre a disposición dunha infraestrutura adecuada no centro	Falta de colaboración e comunicacións para compartir experiencias

### 3. Plan de Acción

Unha vez revisados e analizados os resultados dos test SELFIE e CDD a través dos integrantes do equipo dixital do centro, elaborouse un informe DAFO para utilizar como base, establecer as áreas prioritarias e determinar os obxectivos, que se consideran fundamentais para abordar no próximo curso escolar.

Analizados os resultados reflectidos no informe DAFO o equipo puido comprobar as diferentes puntuacións obtidas en cada unha das áreas. Deste xeito, amósanse diferenzas salientables que fixeron precisa unha análise concreta para marcar, dunha forma precisa, os nosos obxectivos de cara ao próximo curso. É destacable que en áreas como "Infraestructuras e equipos" os resultados enmárcanse especialmente dentro das fortalezas do noso centro, tanto para o equipo directivo como o profesorado e especialmente valorado polo alumnado, e pola contra, temos que salienta unha importante debilidade na área de "Colaboración e redes" e na de "Prácticas de avaliación". Tamén houbo unha especial reflexión sobre a puntuación obtida na área de "Pedagogía: implementación na aula", xa que dende o centro, considéranse as novas tecnoloxías un recurso especialmente enriquecedor para o proceso total de ensino-aprendizaxe; considerándose, finalmente, necesaria unha mellora nesta área. Por este motivo, analizados os datos, elaboráronse os obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados ao seu marco temporal.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e acción

Preséntase a continuación unha táboa para cada obxectivo no que se recollerá a área de mellora á que pertence, os indicadores de partida e chegada, as accións necesarias para lograr cada un deles, a temporalización e os recursos necesarios para poder cumprimentalos no tempo establecido.

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Neste próximo curso 2022-2023 teremos desdobre nos cursos de 5º e 6º de E.P., ámbolos dous dentro do plan de E-Dixgal, precisaremos polo tanto a adecuación dunha aula máis con carro, PDI e os equipamentos necesarios para o profesorado e alumnado.

No centro temos un espazo habilitado para facer Croma, pero as tabletas que temos na biblioteca non teñen ningún programa ou APP para poder gravar e montar os vídeos. É

preciso un IPAD, tanto para uso do alumnado na sala Croma, coma do profesorado para combinar APP educativas coa PDI da aula.

En canto aos ordenadores aula de informática, a maioría deles están obsoletos. Úsanse para as AAEE do concello ou pequenos grupos polas mañás. Sería necesario actualizalos, ou substituir as CPU.

Sería necesario renovar o portátil da sala de mestres, que está moi deteriorado pola súa antigüidade. Sería bo ter un novo para poder usar en festivais, proxeccións na pista polideportiva, etc...

<b>"Área/s de mellora": H COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO. F- PEDAGOXÍA E IMPLEMENTACIÓN NA AULA.</b>						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Empregar a aula virtual por parte do alumnado de 1º a 4º de EP.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo e Claustro				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de alumnado que emprega a aula virtual					
<b>Valor de partida (3)</b>	0% do alumnado emprega a aula					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Uso da aula virtual pola totalidade do alumnado. Finais segundo trimestre					
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1: Ensinar ao alumnado a entrar na aula virtual co seu usuario e contrasinal</b>	Titores e especialistas	Inicio curso	Ordenador e aula virtual corporativa	100% do alumnado entra na aula virtual	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Realizar tarefas propostas que estarán colgadas na aula virtual</b>	Titores e especialistas	Segundo trimestre	Ordenador e aula virtual corporativa	100% do alumnado entra na aula virtual	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

**"Área/s de mellora": LIDERADO – Potenciar a adopción do uso da tecnoloxía na docencia.**

<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Usar diferentes ferramentas dixitais para mellorar o proceso de ensinanza e adaptarse ás diferentes necesidades existentes	<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de Estudos	<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Emprego xeralizado por parte do profesorado das diferentes ferramentas dixitais corporativas.		
<b>Valor de partida (3)</b>	Coñecemento e uso básico das ferramentas dixitais proporcionadas pola Consellería (XADE e correo)		
<b>Valor previsto e data (4)</b>	100% do profesorado utiliza de forma xeral o conxunto das ferramentas dixitais	Primeiro mes de curso	

**ACCÍONS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1: Establecer unha serie de ferramentas básicas (XADE, ABALAR, CORREO, AV, EDIXGAL)</b>	Xefatura de Estudos	Primeira quincena de curso	Material TIC e información da Xefatura de Estudos	O claustro coñece as ferramentas dixitais básicas corporativas	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Utilizar as ferramentas propostas habitualmente</b>	Xefatura de Estudos e equipo do Plan Dixital	Primeiro mes de curso	Material TIC	O Claustro utiliza as ferramentas dixitais básicas corporativas	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>"Área/s de mellora": H COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO</b>						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Dotar ao alumnado dunha serie de ferramentas dixitais para empregar dun xeito seguro e responsable (5º e 6º EP)				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Titores e mestres				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nivel de emprego de ferramentas dixitais por parte do alumnado					
<b>Valor de partida (3)</b>	Uso baixo de ferramentas dixitais a maiores de EDIXGAL					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Uso de ferramentas dixitais pola totalidade do alumnado de 5º e 6º EP			Todo o curso		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1: Usar un procesador de textos e un programa para elaborar presentacións</b>	Titores e mestres	Primeiro trimestre	Portátil Edixgal	O alumnado emprega de xeito autónomo as ferramentas traballadas	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Usar a internet para buscar información útil e veraz para a realización de tarefas de aula.</b>	Titores e mestres	Segundo trimestre	Portátil Edixgal	O alumnado emprega de xeito autónomo as ferramentas traballadas	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.3: Realizar traballos audiovisuais empregando ferramentas básicas</b>	Titores e mestres	Todo o curso	Portátil, Tablet, tlf móbil	O alumnado emprega de xeito autónomo as ferramentas traballadas	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>"Área/s de mellora": G PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN</b>						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Empregar ferramentas dixitais para a autoavaliación docente				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Claustro e equipo dixital do centro				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Realización de cuestionarios para valorar a propia práctica docente					
<b>Valor de partida (3)</b>	Uso nulo de cuestionarios para autoavaliación docente					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Uso por parte da maioría do profesorado (+70 %) de ferramentas dixitais de autoavaliación docente			Todo o curso		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1: Crear un cuestionario base para autoavaliación docente</b>	Equipo dixital	Primeiro trimestre	Ordenadores	Creación do cuestionario de autoavaliación	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Completar o cuestionario de autoavaliación docente</b>	Equipo dixital e claustro	Fin de curso	Ordenadores	Realización do cuestionario de autoavaliación por máis do 70% do profesorado	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir).
- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

#### ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizando a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

## 4. Avaliación do plan

Tendo en conta que os responsables das accións que buscamos lograr con cada un dos obxectivos, engloban unha parte importante do claustro do centro, o equipo dixital será o encargado de facer as xuntanzas precisas, en cada trimestre, para levar unha análise do avance de cada un deles. Cada obxectivo levará un control, polo seu responsable, sobre as accións que se realizarán para lograr a súa consecución. É necesario un seguimento mensual para poder modificar ou reconducir as accións propostas nun principio e que non estean a mellorar dunha forma salientable a consecución do obxectivo exposto. Trátase dun plan flexible e aberto a todo tipo de cambios e modificacións que poidamos ver ao longo do curso. Realizarase unha avaliación final no mes de xuño sobre a consecución dos obxectivos expostos no presente plan. Estableceranse as valoracións das accións establecidas para cada obxectivo así como o logro dos seus indicadores. No caso de ser necesario prolongar algunha acción estableceranse as propostas de mellora precisas para conseguir levar a cabo as accións marcadas nun primeiro momento.

## 5. Difusión do plan

O plan dixital será publicitado na páxina web do centro, tras ser presentado ao claustro e ao consello escolar.